



Concello de Lugo



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro



espazo
>lab.


espazo de orientación
laboral do
concello de Lugo



2011

O CONCELLO
DE LUGO APOSTA
POLAS PERSOAS

A CASA DAS
LINGUAS, UN
CENTRO PIONEIRO





Europe Direct-Lugo achéganos a Europa

Europe Direct-Lugo, pertencente á rede de Centros de Información Europea, é o punto desde o que o Concello de Lugo ofrece un servizo de proximidade que

permite aos cidadáns obter información, asesoramento, axuda e respostas ás súas dúbidas sobre a lexislación, as políticas, os programas e as posibilidades de financiación da Unión Europea.

Está dirixido a toda a cidadanía, entidades públicas

ou privadas que estean interesadas na procura de información sobre a Unión Europea: Administracións, colectivos, empresarios, traballadores, estudantes, profesores, etc...

Europe Direct-Lugo proporciona un servizo de información sobre temas relacionados con Europa a través de consultas, que poden realizarse persoalmente, por teléfono, fax ou correo electrónico. Son moitos os mozos e mozas que acoden a este centro buscando información para

mellorar a súa formación ou mesmo atopar traballo en Europa.

Ata o 30 de novembro de 2010 foron 716 persoas as que participaron o longo do ano nas distintas actividades programadas, sendo os temas de maior interese os relacionados co emprego, estudos (bolsas e mobilidade no estranxeiro), medioambiente, enerxía e empresa.

A páxina web, inaugurada en xuño do ano pasado, tivo ata o momento máis de 17.000 visitas. Está dispoñible en castelán, galego, e en breve tamén poderá consultarse en inglés. O boletín electrónico mensual envíase a unha lista de máis de 400 contactos, e ten unha media de 200 descargas dende a web. Ademais, ofrécese acceso a documentación relacionada coa Unión Europea: folletos divulgativos, lexislación comunitaria, publicacións oficiais, etc.



Horario: luns a xoves en horario de 8:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00, e os venres de 8:30 a 14:30. Os meses de xullo e agosto de 8:30 a 14:30.

Europe Direct Lugo

(Espazo>lab, Centro de Orientación Laboral do Concello de Lugo)

Avenida da Coruña 490

Tfno: 982 297 479

www.lugo.es/europedirect

O CEI-NODUS, unha aposta polo emprendemento e a creación de novas empresas lucenses

O Centro de Empresas e Innovación (CEI-NODUS), creado no ano 2004, é unha iniciativa que parte dende o Concello de Lugo para a promoción económica da cidade e que pretende ser un apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais, fomentando a innovación, a modernización e o emprendemento entre as empresas lucenses.

Co obxectivo de facilitar o máis posible aos emprendedores a posta en marcha do seu proxecto, o CEI-NODUS céntrase en tres áreas básicas de servizos. A primeira trata de facilitar a creación de empresas de carácter innovador nun contorno idóneo para a xeración de novas iniciativas. Así, combínanse as infraestruturas coa asesoría técnica para facilitar o arranque e a consolidación de proxectos empresariais. Para elo o patrocínase a cooperación entre as empresas situadas no Centro co obxectivo de conseguir unha mellor inserción no mercado.

A segunda das áreas de servizo do CEI-NODUS é a programación dunha oferta continuada de

formación en materia de xestión e a innovación empresarial mediante cursos, seminarios e actividades de carácter divulgativo. Finalmente o CEI-NODUS ofrece tamén asesoría para todo tipo de empresas interesadas en iniciar proxectos vencellados ao I+D+i.

Estas tres áreas de servizo buscan promover novos investimentos na provincia de Lugo por medio de iniciativas empresariais que contribúan ao desenvolvemento económico do Concello e especificamente a fomentar empresas cun selo de calidade e dinamizar a cooperación empresarial.

Dende o Concello de Lugo promóvese o emprego a través de diversos plans, como o PILES, o Plan de Inserción Laboral e Emprego Social, unha política activa de emprego que ten como obxectivo favorecer o acceso ao emprego de colectivos que sufren unha maior discriminación en relación co mercado laboral. Ademais, este plan de inserción ten un obxectivo engadido, a realización de obras de interese e mantemento en espazos públicos de todo o Concello de Lugo que estarán supervisadas e dirixidas polo persoal de Vías e Obras e polo persoal de Medio Ambiente do Concello.

Centro de Empresas e Innovación do Concello de Lugo

Avda. da Coruña, 430
Teléfono: 982.297.468

<http://cei.lugo.es/>



O Concello de Lugo aposta polas persoas

O Centro de Convivencia María Balteira é a última proba do enorme grao de compromiso que o equipo de goberno lucense ten coa cidade e co benestar da súa cidadanía. Este novo edificio público, que abriu as súas portas o 1 de xuño de 2010, súmase aos outros oito centros cos que conta o Concello de Lugo: o de Fingoi, Díaz Castro, Trapero Pardo, Milagrosa, Sagrado Corazón, Maruja Mallo, o Uxío Novoneyra, a Casa das Linguas da Aceña de Olga, e ós centros de dinamización social e escolas rurais de Coeses, San Xoán de Campo, Bóveda e Calde, San Pedro de Mera, Santa Comba, Saa, Castelo e Rubiás.

En total, dezanove centros que ofertan un amplo programa de actividades para que cadaquén es-

colla o que máis lle axude ao seu desenvolvemento persoal. Así, podemos atopar obradoiros para adultos, como o de fotografía, o de iniciación ao tear tradicional, pintura, debuxo artístico, risoterapia, bailes de salón, ximnasia ou relaxación, por exemplo. Para os máis pequenos hai múltiples actividades, como expresión corporal e iniciación ao teatro, clases de pintura ou de inglés, tai chi, bailes modernos, acuarela ou clases de apoio escolar.

A Rede Municipal de Centros de Convivencia é un lugar de xuntanza e de dinamización social que pretende promover as relacións humanas, facilitar a aprendizaxe e dar alternativas saudables de ocio a todos os veciños e veciñas da cidade de Lugo e das zonas rurais. Unha mostra máis da aposta pola descentralización de servizos e pola igualdade de dereitos de todos os veciños e veciñas vivan onde vivan.

Centro de Convivencia María Balteira

Rúa Anxelo Colaco nº19

Horario: De luns a venres, das 9:30 ás 13:30 horas e das 16:30 ás 21:30 horas. Sábados e domingos, das 10:00 ás 13:00 horas, e das 16:30 ás 21:00 horas.

Máis información no 010 e en www.lugo.es



A Casa das Línguas, un centro pioneiro, moderno e equipado que promove a participación da cidadanía

O Concello de Lugo inaugurou o 9 de xullo de 2009 un novo centro de convivencia municipal, pioneiro, deseñado como un espazo socio-educativo e dirixido á práctica dos idiomas: a Casa das Línguas. Neste momento conta xa con dous centros. O primeiro deles situado nas inmediacións do campus universitario e o segundo no mesmo edificio do Centro de Convivencia María baiteira, situado no barrio de A Piringalla.

A Casa das Línguas, ten un marcado carácter participativo e resulta un punto de encontro e de difusión dirixido a toda a poboación. Así, os usuarios teñen á súa disposición aulas educativas con equipos informáticos, dúas aulas de conversación, unha biblioteca-terxulia e un salón de actos dotado de mobiliario e equipos informáticos.

Dende o Concello apóstouse por converter a Casa das Línguas nunha ponte para a toma de contacto con outros idiomas e unha práctica axuda para persoas que con distintos niveis poidan ter actividades orientadas

á comunicación oral, conversacións ou audicións, co fin de mellorar e disfrutar da conversa noutras línguas.

Ademais, bús-

couse un englobe das actividades culturais, charlas ou conferencias, pretendendo achegar a interculturalidade a toda a cidadanía para dar a oportunidade de coñecer diferentes culturas e novos idiomas, actualmente ofrécense inglés e francés, chinés durante o curso escolar e con posibilidade de poder facer algo en árabe. Tamén pódese desfrutar de servizos abertos para toda a poboación como a sala de ordenadores ou a consulta de prensa e revistas nacionais e internacionais.

Casa das Línguas

Estrada da Granxa, e Anxelo Colocci

Horario: Permanece aberta de luns a venres de 10:00 a 12:00 horas e de 17:30 a 21:00 horas. Máis información no teléfono 982 807 838 ou na web:

<http://casadaslinguasconcellodelugo.blogspot.com/>



O Concello aposta polo deporte e por unha formación saúdable

Máis de 100 cursos e miles de usuarios son a proba do éxito deste compromiso

Dende o Concello de Lugo apóstase polo deporte e pola saúde. Así, e entendendo que o apoio ao deporte debe de existir dende a súa base, o Concello pon a disposición da cidadanía escolas de deporte base en múltiples disciplinas como poden ser a Natación Sincronizada, o Taekwondo, o Baloncesto, o Ciclismo, o Boxeo, a Loita, o Béisbol, o Tiro con Arco, o Hockey Liña e Patiñaxe Feminino, o Patiñaxe (iniciación a hockey liña e patiñaxe artístico), o Tenis ou Tenis de Mesa, o Triatlón, a Ximnasia de Mantemento, a Ximnasia Rítmica ou o Deporte para Maiores.

E para practicar deporte, o Concello pon a disposición da cidadanía múltiples instalacións deportivas, como o Complexo de Frigsa, a Piscina As Pedreiras, o Pabillón dos Deportes, o Polideportivo da Piringalla, os Campos de fútbol, as Pistas de Atletismo e o Polideportivo Municipal O Pombal. Un claro exemplo da aposta realizada dende o Concello polo deporte e pola saúde, son as novas instalacións da piscina de Frigsa, que contou cun investimento de 3.000.000 de euros, financiados polo Plan E, e que permitiu unha ampliación da piscina, a creación dunha sauna, a instalación dun ascensor facendo accesibles



as instalacións, e unhas novas dependencias para oficinas. Con estas melloras pasouse de ofertar 85 cursos a 107. Unha oferta respaldada polos preto de 600 usuarios que no primeiro día de inscrición xa se apuntaron aos cursos de natación ofertados.

Concellería de Turismo e Deportes

Praza Municipal de Frigsa
Teléfono: 982 297 423

deportes@concellodelugo.org